

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2016.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 21 de decembro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG- PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG- PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, con retraso. ((PSG- PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO (PP).

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

XESÚS PENA ESPIÑA. (concelleiro non adscrito)

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do concello.

Asiste o interventor do concello LEOPOLDO MOURE DOPICO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 19.10.2016.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.10.2016 AO 15.12.2016.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2017 E CADRO DE PERSOAL.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2016.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2016.

7º) DACIÓN DE CONTA DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2016.

8º) MOCIÓNS.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 19.10.2016.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión do 19.10.2016.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda a súa aprobación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.10.2016 AO 15.12.2016.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

13.10.16.- Publicación dos listados definitivos de admitidos e excluídos nas actividades de prevención e inserción para persoas maiores para o curso 2016-2017.

14.10.16.- Baixa na subscripción do concello a es.público editorial.

14.10.16.- Adxudicación á empresa Javi-Luz Electricidad S.L., da execución do contrato do proxecto: ILE 2016: Proxecto de aforro e eficiencia enerxética de instalación de iluminación pública exterior.

14.10.16.- Establecemento de peche do rexistro do concello os sábados.

14.10.16.- Autorización do uso do campo de fútbol á entidade S.D. Luaña e concesión de bonificación polo importe do 100% do prezo público pola súa utilización.

14.10.16.- Autorización do uso do pavillón á entidade Brión Futsal e concesión de bonificación polo importe do 100% do prezo público pola súa utilización.

14.10.16.- Autorización do uso do campo de fútbol á entidade S.D. Brión e concesión de bonificación polo importe do 100% do prezo público pola súa utilización.

14.10.16.- Autorización do uso do campo de fútbol á entidade Bastavales UD e concesión de bonificación polo importe do 100% do prezo público pola súa utilización.

14.10.16.- Concesión dunha axuda de emerxencia social a un veciño.

14.10.16.- Adxudicación do servizo: Curso de monitor de actividades de tempo libre, mediante contrato menor, á empresa Koremi Xestión Deportiva SL.

14.10.16.- Aprobación de dúas liquidacións pola taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

14.10.16.- Aprobación dunha liquidación pola taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

14.10.16.- Aprobación de dúas liquidacións pola taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

14.10.16.- Aprobación de varias liquidacións pola taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

14.10.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 23.147,11 euros (Gas Natural Servicios SDG SA).

17.10.16.- Desestimación de recurso de reposición en materia de tráfico.

17.10.16.- Aprobación de memoria xustificativa para adquisición dun tractor, apisonadora e máquina varredora e solicitude de subvención á Deputación para a súa compra.

17.10.16.- Inicio de expediente de limpeza de fincas en Lamiño.

17.10.16.- Inicio de expediente de limpeza de fincas en Piñeiro.

17.10.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 2.029,70 euros (facturas varias).

17.10.16.- Aprobación de expediente de modificación de crédito 22/2016.

18.10.16.- Deixar sen efecto a resolución de alcaldía de data 17.10.16, e redacción dunha nova memoria para adquisición de equipamento.

18.10.16.- Aprobación dunha nova memoria xustificativa para adquisición dun tractor, apisonadora e máquina varredora e solicitude de subvención á Deputación para a súa compra.

18.10.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao concello para a instalación de biomasa na escola de música de Brión.

18.10.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao concello para a instalación de biomasa no local social dos Ánxeles.

18.10.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao concello para a instalación de biomasa no local da banda de música.

18.10.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao concello para a instalación de biomasa no edificio que alberga a biblioteca, aula CEMIT e a policía local.

18.10.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 140.159,22 euros (facturas varias).

19.10.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao concello para a promoción do uso da lingua galega na mocidade: Brionverán 2016.

19.10.16.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

20.10.16.- Concesión dun anticipo a un traballador.

20.10.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 16.678,07 euros (Plan de Transporte Metropolitano 2016).

21.10.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao concello para a participación de incendios forestais 2016.

21.10.16.- Aprobación do padrón dos prezos públicos polas actividades de prevención e inserción do primeiro trimestre curso 2016-2017.

24.10.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao concello relativa ao programa de socorrismo anualidade 2016.

24.10.16.- Baixa definitiva dun recibo da taxa do lixo do ano 2016 a un veciño.

24.10.16.- Aprobación do padrón dos prezos públicos polas actividades da escola de música do 1º trimestre do curso 2016-2017.

25.10.16.- Baixa definitiva dun recibo da taxa do lixo do ano 2016 a un veciño.

26.10.16.- Autorización da cesión do uso en precario da instalación de piragüismo do concello ao Clube de Piragüismo Ribeiras do Tambre e aprobación de convenio.

26.10.16.- Aprobación dunha liquidación da taxa do lixo correspondente ao ano 2016.

26.10.16.- Aprobación dunha liquidación da taxa do lixo correspondente ao ano 2016.

26.10.16.- Inicio expediente de contratación para a autorización da ocupación de espazos de dominio público municipal con contedores para a recollida de aceite usado de orixe doméstico.

26.10.16.- Aprobación de expediente de modificación de crédito 23/2016.

26.10.16.- Aprobación de expediente de modificación de crédito 24/2016.

26.10.16.- Pago de sanción a Augas de Galicia polo importe de 1.500 €.

26.10.16.- Pago de nóminas do mes de outubro.

26.10.16.- Recoñecemento de trienio a unha traballadora.

26.10.16.- Recoñecemento de trienios a tres traballadores.

27.10.16.- Traslado de expediente de baixa de oficio ao Consello de Empadramento para emisión de informe sobre a procedencia da baixa no padrón de habitantes.

28.10.16.- Contratación do subministro e instalación de xogos infantís para a escola unitaria dos Anxeles, á empresa Lappset España, mediante contrato menor.

28.10.16.- Inicio de expediente de limpeza de fincas en Soutullos.

28.10.16.- Inicio de expediente de limpeza de fincas en Aguiar.

28.10.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36.453,66 euros (Mancomunidade Serra do Barbanza mes de outubro).

28.10.16.- Inicio expediente sancionadores de tráfico.

31.10.16.- Facturación do mes de outubro polo canon mensual do contrato administrativo especial de explotación da cafetería do centro da terceira idade.

31.10.16.- Convocatoria de sesión da Xunta de Goberno Local a celebrar o 2 de novembro.

02.11.16.- Altas no padrón de habitantes do mes outubro.

02.11.16.- Baixas no padrón de habitantes do mes outubro.

02.11.16.- Baixa definitiva dun recibo da taxa do lixo do ano 2016 a un veciño.

03.11.16.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 2 de novembro.

03.11.16.- Inicio de expediente de limpeza de fincas en Piñeiro.

03.11.16.- Contratación do servizo de control de calidade externo das obras incluídas no Plan de Acción Social 2015 (PAS) á empresa Euroconsult SA mediante contratos menores.

03.11.16.- Aprobación expediente modificación de créditos 25/2016.

03.11.16.- Devolución de fianza á empresa D. J.C. Pérez Román constituída para responder da construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Babenzo.

04.11.16.- Baixa definitiva dun recibo da taxa do lixo do ano 2016 a un veciño.

04.11.16.- Aprobación das bases para a contratación laboral temporal de dous peóns ao abeiro do Aprox Rural 2016.

04.11.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 44.950,95 euros (facturas varias).

07.11.16.- Devolución de ICIO do expediente de licenza por non execución da obra no Casal núm. 27.

07.11.16.- Devolución de ICIO do expediente de licenza por non execución da obra en Cirro núm. 26.

07.11.16.- Aprobación de expediente de modificación de crédito 26/2016.

08.11.16.- Pago do 90% do custo da matrícula do estudo do grao de dereito a un traballador.

08.11.16.- Aprobación definitiva do padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 3º trimestre.

09.11.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36.453,66 euros (Mancomunidade Serra do Barbanza mes de novembro).

09.11.16.- Pago do 90% do custo da matrícula do curso de monitor de fútbol a un traballador.

10.11.16.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de novembro.

10.11.16.- Aprobación do expediente de licitación e pregos administrativos para a autorización de ocupación de espazos de dominio público con contedores para a recollida de aceite usado de orixe doméstico.

10.11.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de outubro.

10.11.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de outubro.

10.11.16.- Pago de sanción a Augas de Galicia polo importe de 2.500 euros.

10.11.16.- Devolución de ingresos a unha veciña relativa ao pago duplicado da taxa da escola de música.

10.11.16.- Pago de gastos de locomoción e dietas a un traballador pola asistencia a un curso de formación.

10.11.16.- Baixa dunha veciña no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

14.11.16.- Convocatoria de sesión da Xunta de Goberno Local a celebrar o 15 de novembro.

14.11.16.- Aprobación expediente modificación de crédito 27/2016.

14.11.16.- Aprobación expediente modificación de crédito 28/2016.

14.11.16.- Aprobación expediente modificación de crédito 29/2016.

14.11.16.- Inicio do procedemento de adjudicación dos contratos de obras incluídas no Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016.

14.11.16.- Inicio de expediente de limpeza de fincas en Lamiño.

15.11.16.- Aprobación do expediente de contratación do proxecto de: Mellora da instalación produtora e consumidora de enerxía en Brión; alumado público, e inicio da licitación polo sistema de contrato menor.

15.11.16.- Baixa definitiva dun recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao ano 2016 dun veciño.

15.11.16.- Baixa definitiva dun recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao ano 2016 dunha empresa.

15.11.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao concello para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na administración local.

15.11.16.- Adjudicación de horas dispoñibles a usuarios do SAF dependencia.

15.11.16.- Aprobación do padrón dos prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, 1º prazo curso 2016-2017.

15.11.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 17.244,35 euros (facturas varias).

16.11.16.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 15 de novembro.

16.11.16.- Autorización de expedición de copias dun expediente.

16.11.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida polo concello ao Brión Futsal 2016, polo importe de 2.000 €

16.11.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida polo concello á escola infantil dos Ánxeles 2016, polo importe de 1.100 €

16.11.16.- Devolución da garantía correspondente co contrato administrativo especial de café bar no centro social polivalente de Brión do ano 2012.

16.11.16.- Corrección de erros do padrón dos prezos públicos polas actividades da escola de música do 1º trimestre, curso 2016-2017.

17.11.16.- Aprobación da liquidación da limpeza e desbroce dunha finca polo importe de 345,12 euros.

17.11.16.- Autorización de expedición de copias dun expediente.

17.11.16.- Inicio expedientes sancionadores de tráfico.

18.11.16.- Adxudicación á empresa Javi-Luz Electricidad S.L., da execución do contrato de obras de: Proxecto de mellora da instalación produtora e consumidora de enerxía en Brión; alumeadado público, mediante contrato menor.

18.11.16.- Aprobación das bases de participación do XXVI concurso de tarxetas de Nadal 2016.

18.11.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 13.325,83 euros (Gas Natural SDG SA).

18.11.16.- Aprobación expediente modificación de crédito 30/2016.

21.11.16.- Inicio de expediente de limpeza de fincas en Brans de Abaixo.

21.11.16.- Adxudicación á empresa Unión Fenosa Distribución SA da execución do contrato de: Subministro e ampliación dun punto de subministro eléctrico en Coruxido, Bastavales, mediante contrato menor.

22.11.16.- Compensación da cantidade de 23.400,81 euros, en concepto de liquidacións do ICIO e taxa pola licenza de obras concedida a Residencia Santa Minia co crédito que ostenta Urban Portfolio Inmobiliario SL fronte a este concello.

23.11.16.- Concesión a unha veciña dunha bonificación do 100% do prezo público pola actividade de ximnasia rítmica.

23.11.16.- Desistencia de solicitude de licenza dunha veciña para obras en Bemil núm. 30.

23.11.16.- Desistencia de solicitude de licenza dunha veciña para obras en Quintáns núm. 7.

24.11.16.- Inicio de expediente de prórroga do contrato administrativo de servizos de: Coordinación da seguridade e saúde das obras contratadas polo concello.

25.11.16.- Contratación de dous peóns de obras para a realización da obra de acondicionamento das instalacións que forman a antiga escola de Esparís ao abeiro do Aprol Rural 2016.

28.11.16.- Baixa definitiva dun recibo da taxa do lixo do ano 2016 a un veciño.

28.11.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 67.430,73 euros (facturas varias).

28.11.16.- Convocatoria de sesión da Xunta de Goberno Local a celebrar o 29 de novembro.

28.11.16.- Pago de nóminas do mes novembro.

28.11.16.- Recoñecemento de trienios a un traballador.

29.11.16.- Aprobación da prórroga por un ano do contrato de servizos de: Coordinación da seguridade e saúde das obras que contrate ou execute por administración o concello, co arquitecto técnico Juan Moreno Badía.

29.11.16.- Aprobación do expediente de contratación e pregos administrativos da obra de: Mellora nas redes de abastecemento e augas pluviais de Brión; aldeas de Boaventura e Torre, incluída no Plan de Medio Ambiente (PMA 2016).

29.11.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 9.546,68 euros (facturas varias).

29.11.16.- Autorización de pago a xustificar por importe de 600 € a unha traballadora para a realización de actividades de Nadal 2016.

30.11.16.- Delegación do exercicio das funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde desde o día 4 ata o día 10 de decembro, ambos inclusive.

30.11.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao concello para a execución do convenio de colaboración entre a Xunta, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias, GES anualidade 2016.

30.11.16.- Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística da construción dun galpón por terse restaurado a legalidade urbanística.

30.11.16.- Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística pola obra de consolidación dun muro por terse restaurado a legalidade urbanística.

30.11.16.- Revogación de resolución de alcaldía de data 16.11.2016 no referente á liquidación do ICIO da licenza dun peche por importe de 103,55 €, por estar liquidado con anterioridade no expediente de construción da vivenda.

30.11.16.- Facturación do mes de novembro polo canon mensual do contrato administrativo especial de explotación da cafetería do centro da terceira idade.

01.12.16.- Altas no padrón de habitantes correspondente ao mes novembro.

01.12.16.- Baixas no padrón de habitantes correspondente ao mes novembro.

01.12.16.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 29 de novembro.

01.12.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 12.107,97 euros (facturas varias)

01.12.16.- Aprobación expediente modificación de crédito 31/2016.

02.12.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao concello para axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 anos.

02.12.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 24.427,68 euros (facturas varias).

02.12.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 7.612,92 euros (facturas varias).

05.12.16.- Incorporación ao servizo de axuda no fogar básico dunha veciña.

12.12.16.- Declarar deserto o procedemento tramitado para a ocupación do dominio público municipal mediante colocación de colectores de recollida de aceite usado de orixe doméstico por non se ter presentado ningunha oferta.

12.12.16.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 12 T reguladora da taxa pola subministración de auga.

12.12.16.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

12.12.16.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

12.12.16.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

12.12.16.- Inicio de expediente para a autorización da ocupación de espazos de dominio público municipal con contedores para a recollida de aceite usado de orixe doméstico.

12.12.16.- Baixa dunha veciña no servizo de xantar na casa.

12.12.16.- Baixa dunha veciña no servizo de axuda a domicilio.

12.12.16.- Delegación na 1ª tenente de alcalde para o acto de sinatura dos convenios cos Grupos de Desenvolvemento Rural no marco do Programa LEADER 2014-2020.

12.12.16.- Inicio de expediente de limpeza de fincas en Salaño Pequeno.

13.12.16.- Aprobación do expediente de licitación e prego administrativo para autorización de ocupación de espazos de dominio público con contedores para a recollida de aceite usado de orixe doméstico.

13.12.16.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de decembro.

13.12.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de novembro.

13.12.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básico do mes de novembro.

14.12.16.- Adxudicación de horas libres no servizo de axuda a domicilio dependentes a un veciño.

15.12.16.- Convocatoria de comisión informativa e do pleno ordinario a celebrar o 21 de decembro.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

Dada conta da proposta da alcaldía do 15.12.2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do concello) en sesión do 20.12.2016, que transcrita di:

De conformidade co artigo 163 do Real Decreto 2/2004, polo que se aproba o TRLFL o exercicio orzamentario coincide co ano natural e a este se imputan: Os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período de que deriven, e as obrigas recoñecidas durante o exercicio.

Vistas as facturas presentadas por B-15457575 - ELECTRICIDAD CRUCEIRO S.L. que figuran no expediente e tendo en conta que os traballos aos que as mesmas se refiren se realizaron en exercicios anteriores non poden imputarse a este orzamento polo procedemento ordinario. Non obstante, dado que se trata de traballos efectivamente realizados e co obxecto de evitar o enriquecemento inxusto procede, de acordo co informe de intervención de 15 de decembro de 2016 o recoñecemento extraxudicial das mesmas.

A vista de dito informe, en aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo 1º do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, que establece que poden aplicarse aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do mencionado Real Decreto 500/1990, artigo que recolle a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos, o que establece textualmente que “corresponde ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria”, esta Alcaldía no exercicio das facultades que me atribúe a lexislación vixente, previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de 10.337,76 euros.

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Texto explicativo	Importe Total	Terceiro
----------------------	-------------	------------------------	--------------------------	----------------------	-----------------

F/2016/2620	17/10/2016	2016680	TRABALLOS EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS NON INCLUIDAS NO MANTEMENTO - ANO 2012	1.930,75	B15457575 - ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.
F/2016/2621	17/10/2016	2016681	TRABALLOS EN ALUMADO PUBLICO NON INCLUIDOS NO MANTEMENTO - PRIMEIRO SEMESTRE ANO 2013	910,80	B15457575 - ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.
F/2016/2622	17/10/2016	2016682	TRABALLOS EN ALUMADO PUBLICO NON INCLUIDOS NO MANTEMENTO - SEGUNDO SEMESTRE ANO 2013	503,80	B15457575 - ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.
F/2016/2623	17/10/2016	2016683	TRABALLOS EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS NON INCLUIDAS NO MANTEMENTO - ANO 2013	240,18	B15457575 - ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.
F/2016/2624	17/10/2016	2016684	TRABALLOS EN ALUMADO PUBLICO NON INCLUIDOS NO MANTEMENTO - PRIMEIRO SEMESTRE ANO 2014	958,02	B15457575 - ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.
F/2016/2625	17/10/2016	2016685	TRABALLOS EN ALUMADO PUBLICO NON INCLUIDOS EN MANTEMENTO - SEGUNDO SEMESTRE ANO 2014	505,44	B15457575 - ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.
F/2016/2626	17/10/2016	2016686	TRABALLOS EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS NON INCLUIDAS NO MANTEMENTO - PRIMEIRO SEMESTRE 2014	1.538,99	B15457575 - ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.
F/2016/2627	17/10/2016	2016687	TRABALLOS EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS NON INCLUIDOS NO MANTEMENTO - SEGUNDO SEMESTRE ANO 2014	821,69	B15457575 - ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.
F/2016/2628	17/10/2016	2016688	TRABALLOS EN ALUMADO PUBLICO NON INCLUIDOS NO MANTEMENTO - ANO 2015	342,10	B15457575 - ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.
F/2016/2629	17/10/2016	2016689	TRABALLOS EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS NON INCLUIDAS NO MANTEMENTO - XANEIRO A AGOSTO 2015	257,13	B15457575 - ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.

F/2016/2630	17/10/2016	2016690	TRABALLOS EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS NON INCLUIDAS NO MANTEMENTO - NOVEMBRO E DECEMBRO 2015	1.140,97	B15457575 - ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.
F/2016/2632	17/10/2016	2016692	TRABALLOS REALIZADOS, POR CAUSAS DE FORZA MAIOR, NON INCLUIDAS NO MANTEMENTO	1.187,89	B15457575 - ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.
				10.337,76	

2º) Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2017 E CADRO DE PERSOAL.

Dada conta da proposta da alcaldía do 15.12.2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do concello) en sesión do 20.12.2016, que transcrita di:

Confeccionado o orzamento xeral do concello correspondente ao exercicio económico 2017 así como as súas bases de execución e cadro persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e visto o informe de intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercicio económico 2017, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

Capítulo	Denominación	Orzamento inicial gastos 2017 EUROS
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A.1	OPERACIÓNS CORRIENTES	
1	Gastos de persoal	2.100.000,00
2	Gastos correntes en bens e serv.	2.467.009,04
3	Gastos financeiros	68.600,00
4	Transferencias correntes	547.800,00
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	

6	Inversións reais	692.738,79
7	Transferencias de capital	0,00
B)	OPERACIONES FINANCIERAS	
8	Activos financeiros	20.000,00
9	Pasivos financeiros	264.852,17
	TOTAL GASTOS	6.161.000,00
Capítulo	Denominación	Orzamento inicial ingresos 2017
		EUROS
A)	OPERACIONES NON FINANCIERAS	
A.1	OPERACIONES CORRIENTES	
1	Impostos directos	1.984.500,00
2	Impostos indirectos.	30.000,00
3	Taxas, prezos públicos, e outros ing.	1.159.287,85
4	Transferencias correntes	2.569.023,08
5	Ingresos patrimoniais	5.300,00
A.2	OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Alleamento de Inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	197.536,90
B)	OPERACIONES FINANCIERAS	
8	Activos financeiros	3.000,00
9	Pasivos financeiros	212.352,17
	TOTAL INGRESOS	6.161.000,00

2º) Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, reservados o persoal funcionario, persoal laboral e eventual.

3º) Aprobar en cumprimento do disposto no artigo 103 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, introducido por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, a masa salarial do persoal laboral do Concello de Brión, que para o ano 2017 ascende a un total de 1.002.096,60 euros, ordenando a súa publicación no BOP.

4º) Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2017, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

5º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

6º) Tomar coñecemento do informe de intervención de avaliación da estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do nivel de débeda.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que estou convencido que son os mellores orzamentos que se poden presentar, que teñen unha forte compoñente social, e recibiron vostedes copia íntegra do mesmo onde consta a memoria política polo que non vou repetila.

Facendo un pequeno repaso polos gastos hai que dicir que en gastos de persoal non sabemos o incremento porque non hai orzamentos xerais do Estado, pero está contemplado o pago da

parte da extra pendente e para cubrir substitucións na gardería; en materia de servizos sociais sube máis dun 15% e en educación e deportes tamén ten unha suba importante.

No capítulo referente á débeda vai unha cantidade que deixa a débeda como desaparecida, insignificante.

Se incorpora neste intre ao Pleno con retraso a Sr^a. Concelleira Rey Vázquez.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que o investimento segue a ser moi importante, preto do 21%.

En ingresos o incremento do 11% débese á revisión do catastro que nos chegou o ano pasado e producirá efectos o ano que ven para ben e para mal, e por outra banda está o incremento dos ingresos que proceden da Deputación e tamén polas pequenas subas que fixemos co lixo e con vehículos. Remata sinalando que pido o voto favorable e agradezo o traballo feito polo servizo de intervención, que todos temos que adaptarmos, e estou convencido de que é un traballo tecnicamente perfecto e por suposto legal, e como se sole dicir cada mestriño ten o seu libriño.

O Sr. Concelleiro García Arcos sinala que o orzamento cumpre estabilidade e regra de gasto e polo tanto imos aprobalo e tamén por coherencia co ano pasado que tamén votamos a favor, e sinalar simplemente que agradeceríamos que na memoria explicativa se clarificasen máis as cousas, quitando ese detalle polo demais ben.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que son aceptables aínda que non son os que traería o BNG; se incrementa o gasto social que está ben, e sinalar que houbo falta de tempo para analizalos, máxime polo cambio de criterio do novo interventor, gustaríanos ter máis tempo para poder analizalo con máis calma, e remata sinalando que imos abstermos.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que as observacións xa as sinalou suficientemente na comisión informativa; engade que a normativa estatal é moi rixida á hora de facer os orzamentos e atenta contra a autonomía local; eu penso que o orzamento debe estar orientado polas seguintes premisas políticas:

- . Orientado ao gasto social.
- . Controlar axeitadamente os gastos imprescindibles, para poder atender ás necesidades da cidadanía.
- . Potenciar a recadación sen que supoña máis esforzo fiscal para o cidadán.

Engade que o orzamento presenta deficiencias estruturais, tecnicamente ben feito, pero é unha proposta pechada polo equipo de goberno, non hai diálogo, en consecuencia nos temos porque dar apoio expreso ao orzamento.

Dito isto tamén hai que facer algunhas críticas, así os capítulos 1 e 2 teñen un peso excesivo no orzamento, o 74%; o capítulo 3 a ver se é certo e que está o problema de Villa Amalia; o capítulo 4 de transferencias correntes hai que dicir que gran parte desa suba se destina á Mancomunidade Serra do Barbanza; que o capítulo 6 de investimentos reais é absolutamente incomprendible, difícil de cuantificar, que o alcalde di que é importante, non tanto seguramente, porque a cuadrilla de obras debería ir no capítulo 2 e non no 6; respecto dos documentos anexos ao orzamento, dicir que as memorias son escasas, moi sucintas, moi pouco transparentes, máxime tendo un documento tecnicamente máis novo.

Engade que tamén quero comentar algunha partida concreta, así en combustible se gasta moito, non hai ningún plan para racionalizar eses consumos, e en gastos diversos non está

claro para que é iso, parece un caixón da xastre; a 22602 publicidade e propaganda penso que vai para a revista Altamira e insisto en que debía pagala o grupo de goberno, non o concello.

Engade que as cantidades para becas de estudo son moi pequenas e por último as axudas para o terceiro mundo, son pequenísimas, menos que o ano pasado, a solidariedade fai falta e non me veñan co conto do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e por último respecto dos ingresos insisto que sería moi interesante recadar máis cun mellor sistema fiscal, facer un plan para incentivar que veciños que viven aquí paguen aquí os impostos, e por todo o anterior vou votar en contra.

O Sr. Alcalde sinala que moitas grazas polas súas intervencións a todos, sobre todo polo ton, agradecer a intervención do PP, que temos demostrado que se a xente quere falar con nós non temos ningún inconveniente; engade que é o orzamento do equipo de goberno evidentemente; en política social auméntase en máis de 1.000 horas a axuda a domicilio; é certo que pode presentarse antes o orzamento, pero cumprimos o prazo e vostede Sr. Pena cumpra tamén o prazo para presentación de preguntas de cinco días antes como di o regulamento orgánico; algunha cousa como o da revista Altamira se contestan soas; o capítulo 1 non é excesivo, é máis que necesario, que a cuadrilla vai minguando e o servizo de protección civil o prestamos a concellos como Ames e Noia, o persoal das obras por administración está no capítulo 1 aínda que eu creo que debería estar no 6, e remata sinalando que agradezo as críticas pero non as comparto, e agradezo o ton.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9) e PP (2).

Votos en contra: 1, pertencente ao concelleiro non adscrito (1).

Abstencións: 1, pertencente ao grupo municipal do BNG (1).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2016.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 3º trimestre de 2016, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2016.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas referente á situación de morosidade correspondente ao 3º trimestre de 2016, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

7º) DACIÓN DE CONTA DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2016.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas referente ao cálculo sobre o período medio de pago no 3º trimestre do ano 2016, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

8º) MOCIÓN.

Aprobouse por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia da seguinte moción:

1) MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE BRIÓN SOBRE A REINVERSIÓN DO SUPERÁVIT.

Exposición de motivos:

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

O artigo 11.4 da LOEPSF sinala que as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario, mentres que o art. 32, referido ao destino do superávit, sinala que este destinarase a reducir o nivel de endebedamento.

A Lei 9/2013, de débeda comercial, modificou a lei para permitir aos concellos que cumprisen unha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financeiramente sustentables, unha definición de investimentos que recolleu o Decreto - Lei 2/2014, de 21 de febreiro, na súa DA 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfacción ás demandas municipais posto que as condicións para poder acollerse á medida eran importantes: rexistrar superávit orzamentario e remanente de tesouraría, que pagasen antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa lei de morosidade e destinar o sobranse a amortizar débeda.

Ao longo destes anos esta situación trouxo consigo un paradoxo: os concellos son a única administración en superávit, están saneados e cumpren os seus obxectivos pero non poden investir ese aforro.

Nestes momentos a administración local convertéronse na administración máis cumpridora cos obxectivos marcados: a débeda local xa chegou este ano aos obxectivos do 3% fixados para 2020, con catro anos de adianto; o superávit das entidades locais, achega ao cómputo total de España medio punto do PIB e tamén cumpre co teito de gasto e paga en prazo aos seus provedores.

Por iso, é ineludible que o Goberno atenda as demandas do conxunto dos concellos, e tal e como expuxo a FEMP na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) do pasado día 30, permítalles utilizar o superávit, que este ano rolda os 4500 millóns de euros.

Chegou a hora de que o Goberno escoite, e sexa sensible ás reivindicacións dos concellos, cuxas demandas son xustas, razoables e necesarias para seguir poñendo os intereses dos veciños por diante de calquera outro, e continuar levando a cabo investimentos, desenvolvemento e o fortalecemento do estado de benestar.

Os gobernos locais son a administración máis próxima aos cidadáns, e máis nestes momentos de crise, o Goberno non debe pór trabas ao seu labor na prestación de servizos públicos de calidade.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Brión presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno municipal a seguinte moción instando o Goberno de España a:

1º) Permitir que as entidades locais reinvestan o seu superávit en 2017, sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para esa reinversión que xurda da prórroga orzamentaria dos PXE.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que en Brión o ano pasado tiñamos 1.500.000 euros e que se trata de que autoricen a empregalos no que os veciños necesiten.

O Sr. Concelleiro García Arcos sinala que si cumprimos con todas as normas é normal que se poida reinvestir, é de sentido común.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

9.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. Sobre as reformas menores e problemática nos accesos do CEIP Pedrouzos.

Cal é o estado actual das reformas menores no CEIP Pedrouzos as que o concello se comprometeu xa fai uns meses: fonte de auga, aparcadoiro para bicicletas?

Responde o Sr. Alcalde que a fonte e o aparcadoiro despois de ver varios catálogos, elixíronse pola arquitecta dous modelos que parecen os máis axeitados, foron presupostados por Rivas e retidos os créditos e nesta semana deberían colocarse pola brigada do concello.

Ao mesmo tempo temos coñecemento a través dos pais e nais de problemas na contorna do colexio en especial nas horas de entrada acentuadas polas obras no acceso. Sabemos que se lles respondeu que tiveran paciencia. Canta paciencia máis?. Que ten previsto facer o concello para evitar unha vez máis problemas deste índole?.

Responde o Sr. Alcalde que estamos a facer un obradoiro de emprego para cumprir con accesibilidade, farase en varias semanas porque os traballos do obradoiro teñen o seu ritmo, porque están en prácticas, e quedaron de rematalo esta semana. A este respecto sinalar que o PP presentara no seu momento unha proposta de dirección única, pois teño que dicir que pola policía local se informou que pasou a ser dun só sentido de circulación para vehículos de motor á hora de entrada desde a semana pasada, e está a ter boa acollida.

2. Sobre a pobreza enerxética e axuda social.

Cal é a situación actual no referente ás axudas de emerxencia social aos/as veciños/as. Aumentou con respecto ao ano pasado?. Estanse a dar situacións de pobreza enerxética ou doutro tipo?

Responde o Sr. Alcalde que en 2015 detectáronse dúas situacións de impago de recibo eléctrico, unha delas solucionouse coa xestión dunha axuda económica municipal directa e a outra foi rexeitada por non avaliarse tecnicamente como unha situación real de vulnerabilidade social, e no ano 2016 non se detectou ningunha situación de ameaza de corte por impago, nin se presentou ningunha solicitude de axuda municipal para este concepto.

Respecto das axudas autonómicas directas para solucionar situacións de pobreza enerxética tramitáronse desde servizos sociais:

- Tique social eléctrico, consistente nunha axuda económica anual de 180 ou 300 euros, tramitouse unha solicitude en 2015 e 5 durante 2016.

- Bono social eléctrico, solicítase directamente polos interesados e se calcula aproximadamente 30 beneficiarios en Brión.

- As axudas autonómicas para que a Consellería de Emprego e Industria pague un recibo eléctrico atrasado con ameaza de corte de subministro, nunca foron tramitadas porque non se ten dado a situación.

- As axudas que poderían tramitarse a través de emerxencia de Risga non se xestionan porque resultan incongruentes co pago do recibo eléctrico porque tardan meses en ser resoltas e esíxese a presentación de recibo de impago.

Respecto á manifestación de pobreza en xeral, neste como noutros concello coa crise, é evidente o seu incremento, por esta razón o concello tivo que retomar unha actividade abandonada por innecesaria durante uns anos, como é a distribución de alimentos entre as familias máis necesitadas, que trimestralmente anda arredor de 30 persoas, unha media de 100 persoas; ademais mantívose a partida para axudas directas de emerxencia que a cotío veñen atendendo necesidades alimentarias específicas e alugueres, e utilízanse de xeito habitual as axudas para transporte mediante a tarxeta social metropolitana e finalmente tamén se potenciou o apoio solidario mediante a posta en marcha da Rede Brión Solidario que leva dando resposta durante os últimos dous anos a unha media de 100 solicitudes de axuda directa mediante doazóns dos aproximadamente 100 socios e sociais que conforman a rede facilitándose roupo, enseres, mobiliario, material escolar.

3. Rogo sobre a achega dos orzamentos aos grupos da oposición.

Xa o ano anterior o noso grupo expresou publicamente a queixa no referente ao pouco tempo con que se nos fan chegar os orzamentos para a súa valoración e análise. Este ano vólvese repetir tal feito, entregándose os mesmos xoves noite para unha comisión en martes e un pleno en mércores.

Pensamos que a achega de toda a documentación cunha antelación maior facilitaría a colaboración entre os grupos municipais e a chegada a posibles acordos (aínda que sabemos non precisan dos nosos votos), así como engadidos ou propostas. Por outra parte non hai ningún concelleiro/a na oposición que teñamos dedicación exclusiva, polo que por desgraza precisamos de máis tempo para tal feito. Coñecemos a normativa, soamente pedimos entendemento para entendernos.

Responde o Sr. Alcalde que non é certo, que precisamos os votos de todo o mundo e teño as portas abertas a todo o mundo.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que entendo que trece persoas poden pensar máis que nove, unha semana antes é o que pedimos.

O Sr. Alcalde sinala que seguramente sexamos o único concello que envía toda a documentación do orzamento, que tamén deben recoñecelo vostedes.

9.2. Rogos e preguntas formulados por escrito polo concelleiro non adscrito.

No último número da revista Altamira aparece unha información sobre unha moción que eu levei ao pasado Pleno, despois de reunirme coa directiva da ANPA, onde se denunciaba as

graves deficiencias que se veñen dando no servizo de comidas no colexio dos Ánxeles e se instaba á Consellería de Educación que tomara cartas no asunto. A moción fora aprobada por unanimidade por tódolos grupos.

Explicase ao logo do texto a problemática do servizo de comidas e xa cara o final do texto aparece a redacción que segue: "Unha situación que chegou ao pleno da man do concelleiro NON ADSCRITO , quen logrou o apoio de todo os grupos municipais ás xustas reclamacións do Consello Escolar como da ANPA Rosalía de Castro. O alcalde José Luis García tamén amosou a disposición do concello a ..."

A miña pregunta é a que segue: Entende vostede que a maneira de dar esta información é propio dunha práctica informativa transparente e plural? Ou máis ben, é unha maneira de dar unha información sesgada e manipulada tratando de ocultar á persoa que a trouxo a debate do Pleno?

Responde o Sr. Alcalde que é unha pregunta difícil de entender, que ten un sabor agrío detrás.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que eu non lle falto o respecto a ninguén.

Responde o Sr. Alcalde que a vostede, e engade que voulle dicir porqué, que é certo que non leva a súa fotografía, e se vostede ten vergoña por estar como concelleiro non adscrito eu non o sei, non entendo.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o concelleiro non adscrito non ten aí nome e apelidos, pero o alcalde si, aí está a manipulación, hai un intento de ocultar o nome de quen fai a moción coa intención de rendabilizar a moción, hai manipulación e mala fe, se queren sacar algo na revista páguena vostedes, non o concello.

O Sr. Alcalde sinala que a revista leva moitos anos editándose, recibimos un premio, e vai seguir lle guste ou non, e a noticia está perfectamente feita e o trataron perfectamente.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que vostede sabe a que me refiro, esa mesma noticia saíu na Voz de Galicia e aí si saía o meu nome, ese redactor cumpriu co seu traballo.

O Sr. Alcalde sinala que se vostede o entende así, eu o respecto, pero o tema non da máis de si.

2.- Nos pasados días coñecíamos pola prensa da operación de adquisición por parte do concello á Consellería de Facenda da sede da vella cámara agraria. O prezo da adquisición ascendeu a 37.000 € que o concello ten que pagar á Consellería de Facenda que a súa vez tiña recibido do Ministerio de Agricultura e a título gratuíto dito inmovible.

O inmovible está construído nun terro cedido, no seu momento, de forma gratuíta polo concello á chamada Hermandad Sindical de Labradores que logo se converteu no que se chamaron cámaras agrarias.

As miñas preguntas sobre este asunto son:

a) Ten o concello coñecemento de todo o expediente correspondente a este local desde que se cederon os terreos ate o presente?

Responde o Sr. Alcalde sinalando que a documentación que temos di que é propiedade da Xunta de Galicia e está inscrita no rexistro da propiedade.

b) Foron os propios veciños de Brión os que financiaron e construíron o local?

Responde o Sr. Alcalde sinalando que hai unha fotografía onde sae unha placa no edificio que di construído co auxilio do Ministerio de Agricultura.

c) Non é posible que no expediente de cesión dos terreos non houbera unha cláusula de reversión da propiedade ao propietario orixinal si se deran cambios de uso?

Responde o Sr. Alcalde que non.

d) En última instancia, no sería máis beneficioso acudir á puxa do inmovible no caso de que a Xunta non se aviñera a unha negociación co concello para ceder o local a título gratuito?

Responde o Sr. Alcalde que pode ser a súa opinión, pero que por un valor de 37.000 euros non se podía xogar, que presta un bo servizo e podería compralo calquera ou saír máis caro nunha poxa.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o prezo non é excesivo pero ao mellor calquera que tivera interese en presentarse á poxa sabendo que é da xunta e que ten interese o concello non se presentaba.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González